

Comunicado da suspensión do Tri Cross de Lugo.

Dende o club Penarubia queremos transmitirvos que por diversos motivos organizativos decidimos desistir na organización da proba, calendada para o tres de setembro como campionato galego de triatlón cross.

Ante a imposibilidade de garantir un desenvolvemento axeitado, á altura do que a proba e os participantes merecedes, optamos por non continuar cara adiante.

Somos conscientes dos problemas que podemos ocasionarvos, xa que sabemos que para moitos de vós era unha proba a ter en conta no calendario, por iso con este comunicado pretendemos pedirvos as desculpas pertinentes e sobre todo aclarar que se a competición non sae adiante, é exclusivamente responsabilidade nosa, ante a imposibilidade de afrontar con garantía diversas cuestións organizativas e tamén debido á falta de apoios económicos necesarios para ofertar a proba coa calidade que se merece.

Agardamos que entendades que preferimos desistir da súa organización, antes de continuar e que esta non estea á altura do que vos merecedes os clubs, os e as corredoras e do que se espera dun campionato galego.

Nós somos os primeiros en crer que organizar e levar a cabo unha proba destas características, debe de ter uns mínimos organizativos que a día de hoxe non podemos garantir, por iso tomamos esta dura decisión, mais temos a certeza de que é mellor pararnos antes de saír adiante sen poder garantir unha satisfacción plena dos e as participantes.

Por todo o exposto, agardando e agradecendo a vosa comprensión, decidimos desistir da organización do Tríatlón Cross de Lugo.

Un saúdo e grazas pola vosa atención.

En Lugo a 31 de Xullo de 2017